

CONVOCATORIA DE PRAZAS NAS RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS DA UDC. CURSO 2023-2024

A Universidade da Coruña (UDC) convoca prazas de aloxamento nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e Ferrol para o curso académico 2023/24.

PRAZAS OFERTADAS:

- Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña, 108 prazas.
- Residencia Pública Universitaria, Ferrol, 25 prazas

Destas prazas totais realizaranse as seguintes reservas:

Alumnado	Residencia Elvira Bao	Residencia Univ. Ferrol
Alumnado 1º por 1ª vez	22	5
Convenios asinados pola UDC	2	2
Alumnado de mobilidade internacional	6	2
Alumnado con mobilidade reducida	2	1
Deportistas de alto nivel e alto rendemento	3	1

DESTINATARIOS:

- Alumnado de grao e máster que se matricule a tempo completo nun centro da UDC, nos campus da Coruña e Ferrol, para o curso 2023/24.

En relación coa vivenda habitual:

- Residencia Pública Universitaria da Coruña, Elvira Bao: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios da Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes.

- Residencia Pública Universitaria de Ferrol: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira.

Para a adxudicación das prazas requirirase que a persoa solicitante acredite que, por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fora do domicilio familiar durante o curso.

En relación coa nota media

- Alumnado de primeiro por primeira vez na UDC:

O alumnado que acceda a través das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) deberá obter nas ditas probas unha cualificación igual ou superior a 5, excluída a parte voluntaria. No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios por outras vías, deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos que lle dean acceso.

Alumnado de máster por primeira vez na UDC deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos de acceso ao máster.

- Alumnado que continúe estudos nun grao ou máster universitario oficial da UDC deberá ter como mínimo a media no expediente académico: 3,5 en estudos de ensinanzas técnicas e 4 nos restantes estudos.

En relación coa renda familiar: non superar os límites de renda e patrimonio familiar marcados no Real Decreto 117/2023 de 21 de febreiro, polo que se establecen os límites de renda e patrimonio e axudas ao estudo para o curso 2023/24, ou non superar a renda persoal dispoñible os 13.500,00 €.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 14 de xuño ao 14 de xullo de 2023 ás 14:00 horas

Alumnado que vaia a matricularse por primeira vez na UDC debe solicitar a praza descargando e enchendo o formulario web. Deberán asinalo, xunto cos demais membros computables da unidade familiar, e presentalo xunto coa documentación requirida na convocatoria en:

A Coruña: na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes (campus de Elviña)

Ferrol: Negociado de Asuntos Xerais (campus de Esteiro)

MÁIS INFORMACIÓN: www.udc.es

Universidade da Coruña. Sección de bolsas. Teléfono 981 167 000 Consultas sobre a convocatoria: axudas.aloxamento@udc.es co asunto: "residencias universitarias /prazas residencias".

Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Tel.: 981 184 294 ☎ 606 362 366

cmix@coruna.es www.coruna.gal/informacionjuvenil